



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, para actuacións en materia de normalización lingüística.

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Secretario Xeral da Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Lingua formalizará coa Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua e a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, para dinamizar o proceso normalizador entre o persoal das distintas administracións públicas que prestan servizos na Comunidade galega, de xeito que todo o funcionariado destinado en Galicia domine a lingua galega nas súas versións oral e escrita e poda atender e informar en galego. Para iso, executaranse unha serie de actuacións orientadas a impulsar o uso e a defensa da lingua galega dirixidas ás diferentes áreas e que se estruturarán de acordo coa actividade que desenvolven cada unha destas administracións.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que de acordo co que dispoñen o Estatuto de autonomía para Galicia e a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega



correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.

Que as dúas entidades son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística que representa a un importante colectivo de persoas que serven ás administracións públicas e na que conflúen funcionarios de diferentes áreas. Desde os seus inicios, esta entidade desenvolve un importante labor a prol da defensa do idioma galego e de cara á completa normalización da lingua galega nos ámbitos nos que desenvolve as súas actividades.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura dun convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

